



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas de graduado en educación secundaria

Setembro 2020

Proba do Ámbito Social

1º apelido / 1^{er} apellido	
2º apelido / 2º apellido	
Nome / Nombre	
DNI	



1. Formato da proba / Formato de la prueba

Formato

- A proba constará de 25 cuestións tipo test.
La prueba constará de 25 cuestiones tipo test.
- As cuestións teñen catro posibles respostas, das que soamente unha é correcta.
Las cuestiones tienen cuatro posibles respuestas, de las que solamente una es correcta.

Puntuación

- Un punto por cuestión correctamente contestada.
Un punto por cuestión correctamente contestada.
- Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos.
Cada respuesta incorrecta restará 0,25 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
Las respuestas en blanco no descontarán puntuación.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.
Este ejercicio tendrá una duración máxima de 60 minutos.

Procedemento / Procedimiento

- En cada cuestión, sinala a resposta correcta rodeando cun círculo a letra elixida. Se quere rectificar, risque a letra elixida e rodee cun círculo a opción que considere correcta.
En cada cuestión, señale la respuesta correcta rodeando con un círculo la letra elegida. Si quiere rectificar, tache la letra elegida y rodee con un círculo la opción que considere correcta.
- Neste caderno de exame poderá realizar as anotacións que quixer.
En este cuaderno de examen podrá realizar las anotaciones que desee.
- Traslade despois as respostas elixidas á folla de respostas.
Traslade después las respuestas elegidas a la hoja de respuestas.



2. Exercicio

Texto 1

O ferrocarril en Galicia

“Todos estamos convencidos de que o problema fundamental da nosa economía é un problema de comunicacións. Non poderá aumentar a nosa produción nin o seu beneficio mentres non contemos cunha rede de comunicacións capaz de transportar con baratura e rapidez as materias primas dende os centros produtores ós centros manufactureiros e dende estes ós mercados.

5 Galicia ten soamente 603 Km de vías férreas en explotación, é dicir, 2 Km por cada 100 de extensión territorial, mentres o resto de España ten 4, Cataluña 8 e as principais nacións europeas, 15. Ademais nosas vías son de vía sinxela, de antiga construción, de ramplas e curvas pronunciadas e por conseguinte de pouca capacidade en velocidade e transporte.

10 Afortunadamente este ano iniciouse a construción do FFCC A Coruña - Zamora, intensificáronse as campañas en pro do FFCC central e continúa a construción do de O Ferrol - Gijón. Con estas tres liñas en explotación duplicarase o valor da economía galega. Esta rede de vías hai que completala con outra rede de vías secundarias e outra de vías mineiras; e de todo isto aínda non hai nada feito e case nada proxectado en Galicia. Afortunadamente esta deficiencia é en parte subsanada pola rede de carreteras, que sendo escasa e deficiente, é, sen embargo, o mellor e mais racional que en materia de obras públicas se leva feito en Galicia... A que grao non chegaría o

15 noso poderío económico se non se abrisen as necesarias comunicacións para a expansión da savía que conxestiona a nosa capacidade produtora!”

L. Peña Novo, *A estrutura económica de Galicia*, 1927.

Texto 1

El ferrocarril en Galicia

“Todos estamos convencidos de que el problema fundamental de nuestra economía es un problema de comunicaciones. No podrá aumentar nuestra producción ni su beneficio mientras no contemos con una red de comunicaciones capaz de transportar de forma barata y rápida las materias primas desde los centros productores a los centros manufactureros y desde estos a los mercados.

5 Galicia tiene solamente 603 Km de vías férreas en explotación, es decir, 2 Km por cada 100 de extensión territorial, mientras el resto de España tiene 4, Cataluña 8 y las principales naciones europeas, 15. Además nuestras vías son de vía sencilla, de antigua construcción, de ramplas y curvas pronunciadas y por consiguiente de poca capacidad en velocidad y transporte.

10 Afortunadamente este año se inició la construcción del FFCC A Coruña - Zamora, se intensificaron las campañas en pro del FFCC central y continúa la construcción del de O Ferrol - Gijón. Con estas tres líneas en explotación se duplicará el valor de la economía gallega. Esta red de vías hay que completarla con otra red de vías secundarias y otra de vías mineras; y de todo esto aún no hay nada hecho y casi nada proyectado en Galicia. Afortunadamente esta deficiencia es en parte subsanada por la red de carreteras, que siendo escasa y deficiente, es, sin embargo, lo mejor y más racional que en materia de obras públicas se lleva hecho en Galicia... ¡A que grado no llegaría nuestro poderío económico si no se abriesen las necesarias comunicaciones para la expansión de la savía que congestiona nuestra capacidad productora!”

15

L. Peña Novo, *A estrutura económica de Galicia*, 1927.



1. Que é a latitude?

¿Qué es la latitud?

- A** É a distancia entre un punto da Terra e o Polo Sur.
Es la distancia entre un punto de la Tierra y el Polo Sur.
- B** É a distancia entre o ecuador e un punto determinado da superficie terrestre.
Es la distancia entre el ecuador y un punto determinado de la superficie terrestre.
- C** É a distancia entre un punto da Terra e o Polo Norte.
Es la distancia entre un punto de la Tierra y el Polo Norte.
- D** É a distancia entre dous puntos calquera da Terra.
Es la distancia entre dos puntos cualquiera de la Tierra.

2. Que clima predomina en Galicia?

¿Qué clima predomina en Galicia?

- A** Clima mediterráneo.
Clima mediterráneo.
- B** Clima continental.
Clima continental.
- C** Clima de alta montaña.
Clima de alta montaña.
- D** Clima oceánico.
Clima oceánico.

3. Que tipo de rochas predominan no chan de Galicia?

¿Qué tipo de rocas predominan en el suelo de Galicia?

- A** As rochas predominantes son o granito, a lousa e o xisto.
Las rocas predominantes son el granito, la pizarra y el esquisto.
- B** As rochas predominantes son a caliza e a volcánica.
Las rocas predominantes son la caliza y la volcánica.
- C** A rocha predominante é o cuarzo.
La roca predominante es el cuarzo.
- D** As rochas predominantes son as sedimentarias ultrabásicas.
Las rocas predominantes son las sedimentarias ultrabásicas.

4. Os ríos de Galicia son:

Los ríos de Galicia son:

- A** Longos, con escaso caudal, pois apenas chove, e navegables dende o seu nacemento ata a sua desembocadura.
Largos, con escaso caudal, pues apenas llueve, y navegables desde su nacimiento hasta su desembocadura.
- B** De percorrido curto e caudal abondoso e regular, pois chove durante boa parte do ano.
De recorrido corto y caudal abundante y regular; pues llueve durante buena parte del año.



- C** Curtos, escasos e de caudal irregular, xa que hai épocas do ano que chove moito e outras apenas chove.
Cortos, escasos y de caudal irregular, ya que hay épocas del año que llueve mucho y otras apenas llueve.
- D** Curtos, moi caudalosos e irregulares, pois no verán apenas chove.
Cortos, muy caudalosos e irregulares, pues en verano apenas llueve.

5. Que son as 200 millas náuticas?

¿Qué son las 200 millas náuticas?

- A** As que se empregan para a navegación turística ou de recreo durante o verán.
Las que se utilizan para la navegación turística o de recreo durante el verano.
- B** As augas xurisdiccionais dos países membros da Unión Europea.
Las aguas jurisdiccionales de los países miembros de la Unión Europea.
- C** As que delimitan o espazo no que o cidadán pode pescar libremente.
Las que delimitan el espacio en el que el ciudadano puede pescar libremente.
- D** As augas xurisdiccionais dos países que firmaron acordos coa ONU.
Las aguas jurisdiccionales de los países que firmaron acuerdos con la ONU.

6. Que é a ganadería extensiva?

¿Qué es la ganadería extensiva?

- A** A ganadería na que os animais se crían en grandes extensións de terreo e se alimentan fundamentalmente de pastos naturais.
La ganadería en la que los animales se crían en grandes extensiones de terreno y se alimentan fundamentalmente de pastos naturales.
- B** A ganadería na que os animais se crían en reducidísimas extensións de terreo e se alimentan fundamentalmente de pastos naturais.
La ganadería en la que los animales se crían en reducidísimas extensiones de terreno y se alimentan fundamentalmente de pastos naturales.
- C** A que se desenvolve nas estepas.
La que se desenvuelve en las estepas.
- D** A ganadería na que os animais estabúlanse en granxas ou explotacións pechadas e se alimentan de pensos compostos.
La ganadería en la que los animales se estabulan en granjas o explotaciones cerradas y se alimentan de piensos compuestos.

7. En que consiste o marisqueo?

¿En qué consiste el marisqueo?

- A** Na cría en catividade de especies mariñas susceptibles de ser vendidas a alto prezo no mercado.
En la cría en cautividad de especies marinas susceptibles de ser vendidas a alto precio en el mercado.
- B** Na cría, captura e recollida do marisco.
En la cría, captura y recogida del marisco.



- C** Na cría a nivel industrial de multitude de especies de elevado valor económico.
En la cría a nivel industrial de multitud de especies de elevado valor económico.
- D** Na cría exclusivamente en bateas de especies mariñas de elevado valor económico.
En la cría exclusivamente en bateas de especies marinas de elevado valor económico.

8. Que son os montes veciñais?

¿Qué son los montes vecinales?

- A** Os que pertencen aos veciños maiores de idade do concello, e dos que obteñen leña de xeito gratuíto.
Los que pertenecen a los vecinos mayores de edad del ayuntamiento, y de los que obtienen leña de forma gratuita.
- B** Os que che corresponden por ter unha edificación destinada a vivenda particular se podes demostrar que vives do sector agrícola ou gandeiro.
Los que te corresponden por tener una edificación destinada a vivienda particular si puedes demostrar que vives del sector agrícola o ganadero.
- C** Os que os paisanos poden talar ou cultivar para a súa subsistencia e a do seu gando.
Los que los paisanos pueden talar o cultivar para su subsistencia y la de su ganado.
- D** Son tamén denominados comunais, e de propiedade colectiva de augas e pasteiros.
Son los también denominados comunales, y de propiedad colectiva de aguas y pastizales.

9. Beneficia a Galicia dispoñer dunha moderna rede de ferrocarril?

¿Beneficia a Galicia disponer de una moderna red de ferrocarril?

- A** Si, porque o seu mercado resulta ser moi amplo, e o seu comercio non só se basea nos produtos que se xeran en tódolos países que pertencen á Unión.
Si, porque su mercado resulta ser muy amplio, y su comercio no sólo se basa en productos que se generan los países que pertenecen a la Unión.
- B** Non, porque o seu mercado resulta ser moi amplo, e o seu comercio compite co noso con produtos mais baratos e de mellor calidade.
No, porque su mercado resulta ser muy amplio, y su comercio compite con el nuestro con productos más baratos y de mejor calidad.
- C** Non, porque altera as condicións medioambientais do entono dun xeito irreversible.
No, porque altera las condiciones medioambientales del entorno de una forma irreversible.
- D** O sistema ferroviario galego é tan avanzado que non precisa ser alterado en absoluto.
El sistema ferroviario gallego es tan avanzado que no precisa ser alterado en absoluto.

10. Favorece o ferrocarril a integración económica?

¿Favorece el ferrocarril la integración económica?

- A** O ferrocarril favorece a desintegración económica e social, xa que altera as condicións do lugar por onde circula.
El ferrocarril favorece la desintegración económica y social, ya que altera las condiciones del lugar por donde circula.



- B** O ferrocarril favorece a integración económica, que é o proceso de unión de mercados que ten por obxectivo a formación de espazos máis competitivos.
El ferrocarril favorece la integración económica, que es el proceso de unión de mercados que tiene como objetivo la formación de espacios más competitivos.
- C** O ferrocarril non favorece a integración económica, xa que compite coas autopistas e as autovías no transporte de pasaxeiros e mercadorías.
El ferrocarril no favorece la integración económica, ya que compite con las autopistas y las autovías en el transporte de pasajeros y mercancías.
- D** O ferrocarril non favorece a integración económica, xa que require tan elevadas inversións que nunca é posible amortizar as mesmas.
El ferrocarril no favorece la integración económica, ya que requiere tan elevadas inversiones que nunca es posible amortizar las mismas.

11. Cambiou a aparición das novas tecnoloxías o panorama da realidade empresarial?

¿Cambió la aparición de las nuevas tecnologías el panorama de la realidad empresarial?

- A** A aparición das novas tecnoloxías da información e da comunicación cambiou o panorama da realidade empresarial.
La aparición de las nuevas tecnologías de la información y de la comunicación cambió el panorama de la realidad empresarial.
- B** A aparición das novas tecnoloxías da información e da comunicación apenas cambiou o panorama da realidade empresarial.
La aparición de las nuevas tecnologías de la información y de la comunicación apenas cambió el panorama de la realidad empresarial.
- C** A aparición das novas tecnoloxías encareceu moito o produto final, e polo tanto foi inevitable aumentar exponencialmente o prezo dos produtos finais.
La aparición de las nuevas tecnologías encareció mucho el producto final, y por lo tanto fue inevitable aumentar exponencialmente el precio de los productos finales.
- D** A aparición das novas tecnoloxías fixo que as empresas tivesen que irse todas aos países emerxentes como China ou Cuba.
La aparición de las nuevas tecnologías hizo que las empresas tuviesen que irse todas a los países emergentes como China o Cuba.

12. Debe saber xestionar unha grande empresa a persoa emprendedora?

¿Debe saber gestionar una gran empresa la persona emprendedora?

- A** A persoa emprendedora pode ser boa comercial e innovadora, pero non ten porque posuír a capacidade de xestionar unha grande empresa.
La persona emprendedora puede ser buena comercial e innovadora, pero no tiene por qué poseer la capacidad de gestionar una gran empresa.
- B** A persoa emprendedora pode ser boa comercial e innovadora, pero ten que posuír a capacidade de xestionar unha grande empresa.
La persona emprendedora puede ser buena comercial e innovadora, pero tiene que poseer la capacidad de gestionar una gran empresa.



- C** A persoa emprendedora é a que persegue obter o máximo beneficio económico sen innovar absolutamente nada.
La persona emprendedora es la que persigue obtener el máximo beneficio económico sin innovar absolutamente nada.
- D** A persoa emprendedora é a que nunha empresa arrisca todo o seu capital sen facer un estudo previo de mercado.
La persona emprendedora es la que en una empresa arriesga todo su capital sin hacer un estudio previo de mercado.

Texto 2

As pirámides de Guiza (Imperio Antigo)

5 Temos que confesar a nosa ignorancia sobre como foron construídas as pirámides. Os exipcios non nos deixaron a mais mínima indicación ó respecto, e os arqueólogos e arquitectos que se ocupan do tema vense constringidos a hipóteses mais ou menos lóxicas e enxeñosas. Semella seguro que empregaron ramplas de adobe (...) Tamén posuían barcos de grande envergadura para o transporte fluvial de pedras, así coma trineos, rodetes, pancas, cordas e un animal de tiro, o asno. En cambio, e durante todo o Imperio Antigo, descoñeceron o emprego da roda. Por outro lado, os coñecementos matemáticos e técnicos dos arquitectos houberon ser excepcionais, como amosa o feito de que a precisión e colocación dos bloques é tan axustada que resulta imposible introducir unha folla de afeitar entre dous de eles. O dominio das técnicas de traballo da pedra permitiu dende a Dinastía III construír espectaculares monumentos e edificios (...) O estado exipcio do Imperio Antigo era unha maquinaria administrativa notablemente organizada cuxa autoridade non se discutía. Por todo elo as pirámides téñense considerado auténticos monumentos ó estado, a expresión materializada do seu poder.

J. Padró, *El mundo antiguo*.

Texto 2

Las pirámides de Guiza (Imperio Antigo)

5 Hemos de confesar nuestra ignorancia sobre cómo fueron construidas las pirámides. Los egipcios no nos han dejado la más mínima indicación al respecto, y los arqueólogos y arquitectos que se ocupan del tema se ven constreñidos a hipótesis más o menos lógicas e ingeniosas. Parece seguro que usaron rampas de adobe (...) También poseían barcos de gran envergadura para el transporte fluvial de piedras, así como trineos, rodillos, palancas, cuerdas y un animal de tiro, el asno. En cambio, y durante todo el Imperio Antigo, desconocieron el uso de la rueda. Por otro lado, los conocimientos matemáticos y técnicos de los arquitectos hubieron de ser excepcionales, como muestra el hecho de que la precisión y colocación de los bloques es tan ajustada que resulta imposible introducir una hoja de afeitar entre dos de ellos. El dominio de las técnicas del trabajo de la piedra permitió desde la Dinastía III construir espectaculares monumentos y edificios (...) El estado egipcio del Imperio Antigo era una maquinaria administrativa notablemente organizada cuya autoridad no se discutía. Por todo



ello las pirámides se han considerado auténticos monumentos al estado, la expresión materializada de su poder.

J. Padró, *El mundo antiguo*.

13. Segundo o texto, sabemos como foron construídas as pirámides?

Según el texto, ¿sabemos cómo fueron construidas las pirámides?

- A** Coñécese perfectamente como se construían as pirámides.
Se conoce perfectamente cómo se construían las pirámides.
- B** Acháronse planos que indican como se planificou a súa construción.
Se hallaron planos que indican como se planificó su construcción.
- C** Ignórase como se construíron as pirámides.
Se ignora como se construyeron las pirámides.
- D** Foron os gregos os que descubriron como se construíron as pirámides.
Fueron los griegos los que descubrieron como se construyeron las pirámides.

14. Segundo o texto, transportábanse as pedras en barcos?

Según el texto, ¿se transportaban las piedras en barcos?

- A** As pirámides construíronse ó lado das canteiras de pedra, e non facía falta trasladar as pedras.
Las pirámides se construyeron al lado de las canteras de piedra y no hacía falta trasladar las piedras.
- B** As pedras transportábanse en barcos de grande envergadura.
Las piedras se transportaban en barcos de gran envergadura.
- C** As pedras arrastrábanse dende as canteiras sempre por terra.
Las piedras se arrastraban desde las canteras siempre por tierra.
- D** Non era posible transportar pedras en barcos de madeira, xa que ditas pedras pesaban miles de toneladas.
No era posible transportar piedras en barcos de madera, ya que dichas piedras pesaban miles de toneladas.

15. Segundo o texto, posuían os exipcios coñecementos matemáticos e de arquitectura?

Según el texto, ¿poseían los egipcios conocimientos matemáticos y de arquitectura?

- A** Non era posible o coñecemento das matemáticas e da arquitectura nunha época tan antiga.
No era posible el conocimiento de las matemáticas y la arquitectura en una época tan antigua.
- B** Os coñecementos dos exipcios acerca das matemáticas e da arquitectura eran excepcionais.
Los conocimientos de los egipcios acerca de matemáticas y arquitectura eran excepcionales.
- C** Os exipcios apenas tiñan coñecementos sobre arquitectura como demostra a pouca precisión na colocación dos bloques de pedra.
Los egipcios apenas tenían conocimientos sobre arquitectura como demuestra la poca precisión en la colocación de los bloques de piedra.
- D** Foi unha casualidade que fosen capaces de construír uns monumentos semellantes, xa que apenas tiñan coñecementos nin de matemáticas nin de arquitectura.
Fue una casualidad que fuesen capaces de construir unos monumentos semejantes, ya que apenas tenían conocimientos ni de matemáticas ni de arquitectura.



16. Segundo o texto, estaba ben organizado o antigo imperio exipcio?

Según el texto, ¿estaba bien organizado el antiguo imperio egipcio?

- A** O antigo imperio exipcio era un caos organizativo, por iso durou poucos anos.
El antiguo imperio egipcio era un caos organizativo, por eso duró pocos años.
- B** O antigo imperio exipcio era unha maquinaria administrativa notablemente organizada.
El antiguo imperio egipcio era una maquinaria administrativa notablemente organizada.
- C** O antigo imperio exipcio era unha maquinaria administrativa escasamente organizada.
El antiguo imperio egipcio era una maquinaria administrativa escasamente organizada.
- D** O antigo imperio exipcio apenas dispuña de persoal formado para facer que funcionase a súa maquinaria administrativa.
El antiguo imperio egipcio apenas disponía de personal formado para hacer que funcionase su maquinaria administrativa.

17. Coñecían os exipcios a existencia de cidades?

¿Conocían los egipcios la existencia de ciudades?

- A** Os exipcios vivían nun estadio similar ao do home do Paleolítico, eran nómadas.
Los egipcios vivían en un estadio similar al del hombre del Paleolítico, eran nómadas.
- B** Os exipcios convertéronse nunha das primeiras civilizacións urbanas.
Los egipcios se convirtieron en una de las primeras civilizaciones urbanas.
- C** Os exipcios só coñeceron as cidades a través da conquista romana.
Los egipcios solamente conocieron las ciudades a través de la conquista romana.
- D** Os exipcios coñecían as cidades, pero non era posible no seu territorio sobrevivir nelas porque descoñecían a agricultura.
Los egipcios conocían las ciudades, pero no era posible en su territorio sobrevivir en ellas porque desconocían la agricultura.

18. A que se dedicaba fundamentalmente a poboación no antigo imperio exipcio?

¿A qué se dedicaba fundamentalmente la población en el antiguo imperio egipcio?

- A** A maioría da poboación dedicábase á agricultura.
La mayoría de la población se dedicaba a la agricultura.
- B** A ocupación fundamental era a gandaría trashumante.
La ocupación fundamental era la ganadería trashumante.
- C** A ocupación fundamental da poboación no antigo imperio exipcio era o comercio.
La ocupación fundamental de la población en el antiguo imperio egipcio era el comercio.
- D** A ocupación da maioría da poboación no antigo imperio exipcio era o exército.
La ocupación de la mayoría de la población en el antiguo imperio egipcio era el ejército.

19. Quen se atopaba no cumio da sociedade exipcia?

¿Quién se encontraba en la cúspide de la sociedad egipcia?

- A** O sumo sacerdote.
El sumo sacerdote.



- B** O Deus Ra.
El Dios Ra.
- C** Os guerreiros, porque eran quen tiñan armas.
Los guerreros, porque eran quienes tenían las armas.
- D** O faraón, que era considerado un deus vivinte.
El faraón, que era considerado un dios viviente.

20. Como era a relixión exipcia?

¿Cómo era la religión egipcia?

- A** Era politeísta, igual que a mesopotámica.
Era politeísta, igual que la mesopotámica.
- B** Era monoteísta, pois o único deus adorado era Ra.
Era monoteísta, pues el único dios adorado era Ra.
- C** Era inexistente, xa que eran ateos.
Era inexistente, ya que eran ateos.
- D** Era politeísta, pero non crían nunha vida futura.
Era politeísta, pero no creían en una vida futura.

21. Coñecían os exipcios a escravitude?

¿Conocían los egipcios la esclavitud?

- A** A sociedade exipcia era unha sociedade libre que non toleraba a existencia de escravos.
La sociedad egipcia era una sociedad libre que no toleraba la existencia de esclavos.
- B** Existía a escravitude, e estes eran fundamentalmente prisioneiros de guerra.
Existía la esclavitud, y estos eran fundamentalmente prisioneros de guerra.
- C** A sociedade exipcia coñecía a escravitude pero non había apenas escravos, xa que o deserto lles obrigaba a vivir illados.
La sociedad egipcia conocía la esclavitud pero no había apenas esclavos, ya que el desierto les obligaba a vivir aislados.
- D** A sociedade exipcia coñecía a escravitude, pero lles permitía aos escravos liberarse pagando un diñeiro ao señor.
La sociedad egipcia conocía la esclavitud, pero les permitía a los esclavos liberarse pagando un dinero al señor.

22. A que estaban destinadas as pirámides no antigo Exipto?

¿A qué estaban destinadas las pirámides en el antiguo Egipto?

- A** Eran tumbas destinadas a albergar a momia do faraón.
Eran tumbas destinadas a albergar la momia del faraón.
- B** Eran templos, e ademais tumbas, destinadas a albergar a tumba do faraón.
Eran templos, y además tumbas, destinadas a albergar la tumba del faraón.
- C** Eran un lugar onde o sumo sacerdote invocaba a Ra.
Eran un lugar donde el sumo sacerdote invocaba a Ra.
- D** Eran grandes monumentos dedicados á memoria do faraón.
Eran grandes monumentos dedicados a la memoria del faraón.

23. Destacou o imperio exipcio en escultura?

¿Destacó el imperio egipcio en escultura?

- A** O imperio exipcio apenas destacou en escultura.
El imperio egipcio apenas destacó en escultura.
- B** O imperio exipcio destacou en escultura, pois fixeron obras colosais en pedra e pequenas estatuíñas en arxila.
El imperio egipcio destacó en escultura, pues hicieron obras colosales en piedra y pequeñas estatuillas en arcilla.
- C** O imperio exipcio destacou en escultura moi realista de temática cotiá.
El imperio egipcio destacó en escultura muy realista de temática cotidiana.
- D** O imperio exipcio destacou en escultura, centrada en retratar fielmente ao faraón.
El imperio egipcio destacó en escultura, centrada en retratar fielmente al faraón.

24. Quen eran os escribas no antigo Exipto?

¿Quiénes eran los escribas en el Antiguo Egipto?

- A** Eran os encargados de compor música e logo facer a partitura en pedra.
Eran los encargados de componer música y luego hacer la partitura en piedra.
- B** Eran os encargados de transcribir textualmente todo o que dicía o faraón.
Eran los encargados de transcribir textualmente todo lo que decía el faraón.
- C** Eran os encargados da administración e da xestión.
Eran los encargados da administración e da xestión.
- D** Eran os encargados de compor música funeraria e logo transcribirla ao papiro.
Os escribas eran os encargados de componer música funeraria y luego transcribirla al papiro.

25. Sentían interese pola música os homes do Paleolítico?

¿Sentían interés por la música los hombres del Paleolítico?

- A** O interese pola música era inexistente.
El interés por la música era inexistente.
- B** Non coñecían esta arte.
No conocían esta arte.
- C** Só podían compor música sobre temática relixiosa.
Solo podían componer música sobre temática religiosa.
- D** Sentían interese pola música e nos xacementos arqueolóxicos atopáronse instrumentos.
Sentían interés por la música y en los yacimientos arqueológicos se encontraron instrumentos.